

Sistemas de simulación innovadores

O ámbito de **Sistemas de simulación innovadores** ten un claro enfoque formativo cara ao persoal sanitario e mesmo outros colectivos, o cal podería derivar de forma complementaria, se se identificasen solucións suficientemente maduras, en sistemas de asistencia á toma de decisións aliñados co concepto de xemelgo dixital aplicado ao ámbito sanitario.

En todo caso, este ámbito vincúlase directamente coas dimensións de **predición e prevención** da medicina 5P debido a que ao mellorar a formación dos profesionais sanitarios en técnicas avanzadas é posible previr complicacións e mellorar a eficacia da atención sanitaria. Ademais, enlaza coa **personalización** do tratamento, xa que a formación e adestramento en técnicas específicas en diferentes escenarios teóricos simulados pode adaptarse ás necesidades individuais de cada paciente segundo as circunstancias. Finalmente, en ámbitos como o tratamento de feridas crónicas os destinatarios serían profesionais do Servizo Galego de Saúde, de Centros Sociosanitarios, a pacientes e a cuidadores; en claro aliñamento coa vertente de participación da medicina 5P.

Contidos relacionados

Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE

Solucións innovadoras baseadas en biomarcadores

Solucións de análise xenómico avanzado

Solucións innovadoras de terapias avanzadas

RETO 4: Simulación de PCR e ECMO



RETO 5: Simulación de tratamento de feridas crónicas

